



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL ARZÚA

Bases e convocatoria do concurso de disfraces do Entroido 2024 do Concello de Arzúa

ANUNCIO

O Sr. alcalde accidental do Concello de Arzúa, aprobou por decreto n.º 35/2024 de data 23/01/2024, as seguintes bases e convocatoria do concurso de disfraces do entroido 2024 do Concello de Arzúa.

Con motivo do Entroido 2024 o Concello de Arzúa organiza un concurso o domingo 4 de febreiro ás 17:00h no Multiusos Terra do Queixo de Arzúa. Para fomentar a participación convócase un ano máis o tradicional concurso de disfraces de acordo coas seguintes bases:

PRIMEIRA. Para participar é obrigatorio inscribirse previamente no Departamento de Cultura do Concello de Arzúa ou chamando ao 981500222 desde o día seguinte ao da publicación no BOP do extracto da convocatoria ata o xoves 1 de febreiro, en horario de 8:30 a 14:00h. Tamén se pode presentar solicitude de participación pola Sede Electrónica, mediante modelo de instancia xeral.

No momento da inscrición deberase indicar o número de compoñentes e o lema ou nome do disfraz para a identificación.

A inscrición efectuada por persoas físicas (sen ser en representación dunha persoa xurídica), para participar en grupo ou comparsa, determinará a asunción pola dita persoa de todas as obrigas que derivan da obtención dos premios, incluídas as de índole fiscal. Ditas persoas previamente á participación asinarán declaración responsable ao respecto, presentarán documentación acreditativa da personalidade, cumprimento de requisitos para ser beneficiario dos premios, así como certificado de conta bancaria na que efectuar o ingreso, de corresponder.

SEGUNDA: Haberá catro categorías:

- Comparsa: conxunto de persoas formado por un mínimo de 9 compoñentes representando un mesmo motivo.
- Grupo: conxunto de persoas de entre 2 e 8 compoñentes representando un mesmo motivo.
- Individual infantil: nesta modalidade poderán participar nenos e nenas con idades comprendidas entre os 0 e 17 anos.
- Individual adulto: nesta modalidade poderán participar persoas de 18 anos en diante.

A mesma persoa non poderá participar en máis dunha categoría.

TERCEIRA: Os premios establecidos polo Departamento de Cultura son:

Comparsas	Grupos	Individual Infantil	Individual Adulto
1º: 550 €	1º: 300 €	1º: 120 €	1º: 120 €
2º: 300 €	2º: 200 €	2º: 80 €	2º: 80 €
3º: 150 €	3º: 120 €		

O xurado tamén concederá un premio simpatía de 100 euros a un grupo ou comparsa do municipio que non acadara ningún dos premios anteriores e que sume a maior puntuación no apartado “simpatía” da valoración do xurado.

CUARTA: A cualificación das distintas modalidades será determinada polo xurado do concurso que estará composto por catro representantes nomeados polo Departamento de Cultura do Concello de Arzúa.

QUINTA: Durante o desenvolvemento do concurso, o xurado valorará:

Comparsas e Grupos:

- Vestuario e maquillaxe 0 a 4 puntos
- Traballo feito a man 0 a 2 puntos

- Emprego de materiais de refugallo 0 a 2 puntos
- Orixinalidade 0 a 3 puntos
- Coreografía e música 0 a 3 puntos
- Organización e efecto do conxunto 0 a 3 puntos
- Simpatía (interacción co público) 0 a 5 puntos

Disfraces Individuais (infantís e adultos):

- Orixinalidade do vestuario 0 a 4 puntos
- Traballo feito a man 0 a 2 puntos
- Emprego de materiais de refugallo 0 a 2 puntos
- Maquillaxe 0 a 2 puntos
- Simpatía (interacción co público) 0 a 5 puntos

SEXTA: Desenvolvemento do concurso:

Os participantes deberán presentarse no Multiusos Terra do Queixo como mínimo media hora antes do inicio pasando pola mesa de control xunta o escenario para recibir a orde de actuacións.

A participación desenvolverase sobre escenario (co público sentado) cun tempo máximo de 5 minutos. As medidas do escenario serán de 8 metros de fondo x 15 metros de ancho con rampa de acceso de 2,5 metros de ancho.

Os participantes que precisen de música específica para a actuación deberana enviar por correo electrónico en formato .mp3 a cultura@concellodearzua.com ou indicar o título da canción e o nome do grupo/artista antes de que remate o prazo de inscricións.

Os premios serán aboados mediante transferencia bancaria e a entrega simbólica dos mesmos terá lugar o mesmo día de celebración do concurso, unha vez feita a avaliación polo xurado.

SÉTIMA: A orde de actuación será coincidindo coa orde de inscrición nas diferentes modalidades (individual infantil, individual adulto, grupos e comparsas).

OITAVA: O Departamento de Cultura do Concello de Arzúa resérvase o dereito a facer as modificacións necesarias no que respecta ao lugar de celebración e horarios. En caso de habelas serán publicadas nas redes sociais e na páxina web arzua.gal.

NOVENA: A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sendo a decisión do xurado inapelable.

Os presentes premios serán outorgados con cargo á partida orzamentaria 334.480.02 do vixente orzamento na data do concurso, ata o límite de 2.120 euros.

Os premios levarán consigo a retención en concepto de IRPF, que resulte da aplicación segundo as normas contidas na normativa reguladora do imposto.

En Arzúa, 24 de xaneiro de 2024

O alcalde

Asdo.: Xoan Xesus Carril Ramos

2024/526